

Consello, do 20 de novembro de 2006, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da libre circulación de mercadorías, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía e a Directiva 2007/13/CE da Comisión, do 7 de marzo de 2007, pola que se modifica o anexo II da Directiva 71/316/CEE do Consello, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre as disposicións comúns aos instrumentos de medida e aos métodos de control metrolóxico.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 24 de agosto de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOAN CLOS I MATHEU

16393 *REAL DECRETO 1112/2007, do 24 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón.* («BOE» 222, do 15-9-2007.)

O Real decreto 2020/1997, do 26 de decembro, polo que se establece un réxime de axudas para a minaría do carbón e o desenvolvemento alternativo das zonas mineiras, no seu capítulo IV, regulou o esencial das axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón.

Na actualidade, a entrada en vigor da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do seu Regulamento, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, por un lado e, por outro, a sinatura e aprobación polo Consello de Ministros, na súa reunión do 31 de marzo de 2006, do Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras, que se constitúe no plan estratéxico para a concesión de axudas ao desenvolvemento infraestrutural, aconsella a aprobación dun novo real decreto que defina estas axudas como de concesión directa, estableza as bases reguladoras para a súa concesión e introduza as novidades que o dito novo plan recolle nesta materia, tendo en conta que as axudas resultan complemento necesario para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal sobre as bases e a coordinación, no caso do citado plan da minaría do carbón.

Estas axudas concederanse ás comunidades autónomas e ás entidades locais do ámbito da minaría do carbón, tal como este se definirá posteriormente, e só excepcionalmente a entidades sen ánimo de lucro de recoñecido prestixio, e terán por obxecto a adquisición, construción ou desenvolvemento de bens de carácter público e, como excepción, o sostemento de actividades de indubidable valor para o desenvolvemento socioeconómico alternativo das comarcas mineiras do carbón.

Catro son, principalmente, os argumentos que xustifican a aplicación a estas axudas dun réxime de concesión directa, ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións: primeiro, o carácter público dos bens cuxa adquisición ou desenvolvemento se financia con estas axudas; segundo, o feito de que os beneficiarios sexan administracións rexionais ou locais; terceiro, o de que a distribución dos recursos entre as diversas rexións e municipios deba ser proporcional á

intensidade da crise da minaría do carbón e o seu interese público, económico e eminentemente social, derivado da necesidade de proseguir o proceso de reestruturación da minaría do carbón e, cuarto, a necesidade, á vez, de evitar o declive das zonas mineiras, mediante unha política de desenvolvemento alternativo, unha de cuxas facetas é o desenvolvemento das infraestruturas. Por todo iso faise preciso un real decreto que, de conformidade co artigo 28.2 da referida Lei xeral de subvencións, aprobe as normas especiais destas subvencións.

Para a elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas afectadas e, así mesmo, foi realizado o preceptivo trámite de audiencia.

Correspóndelle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a proposta da política do Goberno para a reestruturación da minaría do carbón e o desenvolvemento económico dos municipios mineiros do carbón.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de agosto de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da concesión directa das axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón, no marco do previsto no Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras.

CAPÍTULO II

Réxime das axudas

Artigo 2. *Finalidade e carácter singular das axudas.*

1. Estas axudas terán por obxecto a adquisición, construción ou desenvolvemento de infraestruturas non selectivas en canto aos usuarios destas e, como excepción, o sostemento de actividades de indubidable valor para o desenvolvemento socioeconómico alternativo das comarcas mineiras do carbón.

2. As axudas á adquisición, construción ou desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón, concederanse ás comunidades autónomas e ás entidades locais do ámbito da minaría do carbón, definido no artigo 5 deste real decreto. Só excepcionalmente, estas axudas se poderán conceder a entidades sen ánimo de lucro, a condición de que as ditas entidades sexan de recoñecido prestixio e actúen no ámbito da minaría do carbón e de que as axudas se trasladen integramente a beneficiarios finais non empresariais.

3. As axudas outorgaranse en réxime de concesión directa ao abeiro do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, atendendo ao seu carácter singular, dado o seu interese público, económico e eminentemente social, derivado da necesidade de proseguir o proceso de reestruturación da minaría do carbón e, á vez, de evitar o declive das zonas mineiras, mediante unha política de desenvolvemento

alternativo, unha de cuxas facetas é o desenvolvemento das infraestruturas.

Artigo 3. *Distribución territorial das axudas.*

1. A distribución das axudas, entre as distintas comunidades autónomas beneficiarias, será proporcional á intensidade da crise da minaría do carbón, intensidade que se medirá en función da perda de emprego mineiro, matizada polo paro xeral nas mesmas zonas, de acordo cun índice construído do seguinte modo: 0,1 multiplicado pola porcentaxe territorial de distribución do número de parados nos municipios do grupo 1 (véxase anexo), máis 0,2 multiplicado pola porcentaxe territorial de distribución da perda neta de emprego mineiro durante o período 1998-2005, máis 0,7 multiplicado pola porcentaxe territorial de distribución da perda neta de emprego mineiro durante o período 2006-2012, utilizando en cada momento antes de 2012, a porcentaxe territorial de distribución acumulada das prexubilacións producidas entre 2006 e o ano de que se trate.

2. A distribución real acumulada ao final de cada ano, será certificada polo Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, ante as comisións de cooperación previstas no artigo 12 deste real decreto.

Artigo 4. *Límites temporais.*

As axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón concederanse, con cargo aos orzamentos de cada exercicio económico ata completar a dedicación de fondos prevista polo Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras, e en todo caso antes do 31 de decembro de 2014, ben que a obriga e pagamento dos compromisos adquiridos nese período poderá estenderse ata a finalización da última das infraestruturas concedidas antes desa data. O exceso temporal de concesión sobre o horizonte do indicado plan, que ten vixencia ata 2012, pretende asegurar que os fondos previstos se dedican na súa totalidade.

Artigo 5. *Ámbito xeográfico.*

O ámbito xeográfico deste real decreto é o da minaría do carbón que alcanza aos municipios que se detallan no anexo deste real decreto e que constitúen un conxunto de territorios profundamente afectados pola crise da minaría do carbón, ao cal se engade o conxunto dos territorios limítrofes destes, de acordo co establecido no Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras.

Artigo 6. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón:

a) Os órganos competentes das comunidades autónomas nas cales se produce carbón, é dicir: Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Galicia e o Principado de Asturias.

b) Os concellos e outras entidades locais radicadas nos municipios incluídos no ámbito xeográfico definido no artigo 5.

2. Excepcionalmente, co límite do 1 por cento dos fondos, poderanse financiar infraestruturas cuxa titularidade corresponda a entidades sen ánimo de lucro cuxa actividade se desenvolva nos municipios incluídos no ámbito xeográfico definido no artigo 5.

Artigo 7. *Financiamento.*

As axudas recollidas neste real decreto poderán ser de carácter plurianual ou anual e financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, vixentes en cada exercicio, co límite da dispoñibilidade orzamentaria e dos criterios establecidos no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

As comunidades autónomas en cuxos territorios se desenvolvan as infraestruturas obxecto deste real decreto, poderán cofinanciar este programa de desenvolvemento das infraestruturas. Os detalles sobre os compromisos de cofinanciamento estableceranse nos convenios marco a que fai referencia o artigo 13 deste real decreto.

Artigo 8. *Réxime xurídico aplicable.*

As axudas a que se refire este real decreto, ademais de polo previsto nel, rexeranse polo establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais lexislación que resulte de aplicación.

CAPÍTULO III

Requisitos e cuantificación das axudas

Artigo 9. *Requisitos.*

1. As axudas ao desenvolvemento das infraestruturas nas comarcas mineiras do carbón poderanse conceder ás entidades que reúnan as condicións para seren beneficiarios.

2. En canto á acreditación do cumprimento dos requisitos a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, haberá que aterse ao disposto no citado artigo da dita lei, sendo tamén de aplicación o establecido sobre a materia no regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Artigo 10. *Cuantificación das axudas.*

1. A axuda que se conceda para o desenvolvemento dunha determinada infraestrutura poderá alcanzar ata o cento por cento do custo do dito desenvolvemento.

2. A axuda será compatible con calquera outra destinada ao mesmo obxecto, ben que no seu conxunto non poderán superar o custo da infraestrutura. En tal caso o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, reducirá a súa axuda ata que o valor conxunto alcance o cento por cento do custo.

3. O volume de recursos será o establecido polo Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sostible das

Comarcas Mineiras, sempre de acordo co previsto no artigo 6 deste real decreto.

4. Cos fondos que poidan corresponder a unha comunidade autónoma, financiarase un número variable de proxectos elixidos segundo se describe no capítulo IV deste real decreto.

CAPÍTULO IV

Procedemento

Artigo 11. *Actuacións financiáveis.*

1. Poderanse financiar actuacións que teñan por obxecto o desenvolvemento de transportes, comunicacións e sociedade da información; de solo industrial incluíndo infraestruturas de investigación, desenvolvemento e innovación e cooperación empresarial; de ordenación do territorio; de educación, deporte e cultura; de ambiente; de abastecemento e saneamento de augas; de infraestruturas agrícolas, gandeiras e turísticas; de vivenda e urbanismo e outras que se consideren relevantes para o desenvolvemento económico das zonas mineiras do carbón.

2. Excepcionalmente, co límite do 2 por cento dos fondos, poderase financiar o sostemento de actividades de indubidable valor para o desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón.

Artigo 12. *Selección das actuacións.*

1. En cada comunidade autónoma que sexa beneficiaria, constituirase unha mesa rexional de minaría ou entidade equivalente en que estarán representados, ao menos, o Goberno da comunidade autónoma, as organizacións sindicais asinantes do Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras e os municipios do anexo deste real decreto.

2. A mesa rexional ou entidade equivalente propondrá un conxunto de actuacións como candidatas para seren financiadas no marco deste real decreto.

3. Se non se alcanza un acordo sobre un conxunto de actuacións para propor ao Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, este convocará a mesa e representantes estatais das organizacións sindicais asinantes do Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral e Sustentable das Comarcas Mineiras e da Asociación de Municipios das Comarcas Mineiras, coa intención de propialo.

4. A decisión final recaerá sobre unha comisión de cooperación formada por representantes do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e da comunidade autónoma beneficiaria, de acordo co establecido no artigo 13 seguinte.

Artigo 13. *Convenios marco de colaboración.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio subscribirá convenios marco de colaboración coas comunidades autónomas afectadas, que establecerán os detalles da xestión do programa de desenvolvemento das infraestruturas. Os citados convenios marco poderán especificar a relación de actuacións financiáveis para seren desenvolvidas no ámbito territorial de cada comunidade autónoma.

2. Os convenios marco incluírán os seguintes contidos:

- a) Compromisos en materia de financiamento.
- b) Compromisos en materia de xestión das axudas.
- c) Un procedemento de control e coordinación. Para tal efecto, crearán as partes asinantes comisións de cooperación que serán responsables da selección das actuacións e velarán polo cumprimento dos convenios.

Artigo 14. *Instrución das axudas.*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento conducente á sinatura dos convenios específicos de financiamento de cada infraestrutura será a Xerencia do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, a cal examinará as propostas e documentos anexos presentados e poderá solicitar cantos informes estime necesarios, todo iso sen menoscabo da instrución que no seu ámbito corresponda ás administracións rexionais e locais, co mesmo obxecto.

2. O órgano competente, en última instancia, para a selección das actuacións financiáveis será a comisión de cooperación a que se refire o artigo 13 deste real decreto.

3. A sinatura dos convenios específicos de colaboración corresponderalle ao presidente do Instituto ou órgano en quen delegue.

4. Os convenios asinaranse no prazo de seis meses desde a selección das actuacións, de acordo co establecido na disposición adicional novena da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 15. *Convenios específicos de colaboración.*

1. As condicións de financiamento, de execución e de xustificación de cada actuación específica ou, se é o caso, dun grupo de actuacións, estableceranse mediante a subscripción de convenios específicos de colaboración. Os ditos convenios específicos incluírán a Administración local competente para a execución destes ou as entidades sen ánimo de lucro que se seleccionen, cando así for necesario.

2. Tanto os convenios marco como os específicos serán obxecto de autorización pola Comisión Delegada do Goberno para Política Autonómica.

Artigo 16. *Xustificación e pagamento das axudas.*

1. De acordo co establecido no artigo 71.1 do regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a xustificación de ter alcanzado o desenvolvemento da infraestrutura correspondente a un determinado convenio de colaboración específico, realizarase mediante a achega pola Administración da comunidade autónoma ou da entidade local, do correspondente expediente de adquisición ou obras, ao nivel de detalle que se estableza no convenio de colaboración específico.

2. As entidades sen fin de lucro, para a liquidación da axuda, deberán presentar un informe que demostre que a axuda se trasladará en forma de servizos aos beneficiarios finais.

3. Poderán realizarse pagamentos á conta e pagamentos anticipados, de acordo co artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de tal modo que a Administración da comunidade autónoma ou da entidade local executante da actuación se encontre parcialmente liberada das cargas financeiras que comporta facer fronte ao contrato correspondente. Cando os pagamentos se fraccionasen, a documentación específica para cada fito será establecida no convenio de colaboración específico.

4. O prazo de xustificación non excederá seis meses e será establecido no convenio de colaboración específico.

CAPÍTULO V

Seguimento e control das axudas

Artigo 17. *Inspección e información.*

1. As comunidades autónomas e os concellos, na súa calidade de órganos contratantes da execución material das actuacións, serán responsables do seu control directo.

2. O Instituto poderá realizar, en colaboración cos gobernos das comunidades autónomas, cantas inspeccións sexan precisas para comprobar e verificar o cumprimento das condicións e requisitos a que están sometidas as axudas reguladas neste real decreto.

3. A comisión de cooperación establecida no artigo 13 deste real decreto terá competencias de seguimento e avaliación.

4. Todas as partes estarán sometidas ao establecido no título III de Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en materia de control financeiro.

Artículo 18. *Incumprimento e reintegro.*

1. A comisión de cooperación analizará as incidencias que se produzan na execución dos convenios e identificará, se é o caso, os posibles incumprimentos e a procedencia do reintegro, de acordo co establecido no capítulo I do título III do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. A comisión escoitará as entidades locais no caso de convenios por elas subscritos. A decisión de procedencia do reintegro por parte da comisión de cooperación, terá o valor de solicitude de dedución por parte do beneficiario.

2. O Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras deducirá o importe do reintegro, de futuros aboamentos de axudas ao desenvolvemento das infraestruturas correspondentes a convenios xa asinados co mesmo beneficiario. De non haber outros convenios de colaboración específicos que poidan dar lugar á dedución ou de ser o importe destes insuficiente, aplicarase o establecido no artigo 94 do citado regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición transitoria única. *Convenios asinados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2006.*

O establecido neste real decreto será de aplicación á execución dos convenios marco e os convenios específicos asinados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2006, aínda que fosen subscritos ao abeiro do Real decreto 2020/1997, do 26 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1.13.^a da Constitución lle atribúe ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación e execución do real decreto.*

Os órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e os organismos públicos dependen-

tes e con competencia na materia adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 24 de agosto de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
JOAN CLOS I MATHEU

ANEXO

Municipios mineiros moi afectados pola reestruturación da minaría do carbón

Comunidade autónoma	Provincia	Municipio
Andalucía	Córdoba.	Belmez.
Andalucía.	Córdoba.	Espiel.
Andalucía.	Córdoba.	Fuente Ovejuna.
Andalucía.	Córdoba.	Peñarroya-Pueblonuevo.
Aragón.	Teruel.	Alcorisa.
Aragón.	Teruel.	Alloza.
Aragón.	Teruel.	Andorra.
Aragón.	Teruel.	Ariño.
Aragón.	Teruel.	Calanda.
Aragón.	Teruel.	Cañizar del Olivar.
Aragón.	Teruel.	Castellote.
Aragón.	Teruel.	Escucha.
Aragón.	Teruel.	Estercul.
Aragón.	Teruel.	Foz-Calanda.
Aragón.	Teruel.	Gargallo.
Aragón.	Teruel.	Palomar de Arroyos.
Aragón.	Teruel.	Utrillas.
Aragón.	Zaragoza.	Mequinenza.
Asturias.	Asturias.	Aller.
Asturias.	Asturias.	Bimenes.
Asturias.	Asturias.	Cangas de Narcea.
Asturias.	Asturias.	Caso.
Asturias.	Asturias.	Degaña.
Asturias.	Asturias.	Gijón-La Camocha.
Asturias.	Asturias.	Ibias.
Asturias.	Asturias.	Langreo.
Asturias.	Asturias.	Laviana.
Asturias.	Asturias.	Lena.
Asturias.	Asturias.	Mieres.
Asturias.	Asturias.	Morcín.
Asturias.	Asturias.	Oviedo-Olloniego.
Asturias.	Asturias.	Piloña.
Asturias.	Asturias.	Quirós.
Asturias.	Asturias.	Ribera de Arriba.
Asturias.	Asturias.	Riosa.
Asturias.	Asturias.	San Martín del Rey Aurelio.
Asturias.	Asturias.	Siero.
Asturias.	Asturias.	Sobrescobio.
Asturias.	Asturias.	Teverga.
Asturias.	Asturias.	Tineo.
Castilla - La Mancha.	Ciudad Real.	Puertollano.
Castilla y León.	León.	Bembibre.
Castilla y León.	León.	Berlanga del Bierzo.
Castilla y León.	León.	Cabrillanes.
Castilla y León.	León.	Cistierna.
Castilla y León.	León.	Fabero.

Comunidade autónoma	Provincia	Municipio
Castilla y León.	León.	Folgozo de la Ribera.
Castilla y León.	León.	Igüeña
Castilla y León.	León.	Matallana de Torio
Castilla y León.	León.	Noceda.
Castilla y León.	León.	Palacios del Sil.
Castilla y León.	León.	Páramo del Sil.
Castilla y León.	León.	Pola de Gordón, La.
Castilla y León.	León.	Robla, La.
Castilla y León.	León.	Sabero.
Castilla y León.	León.	San Emiliano.
Castilla y León.	León.	Toreno.
Castilla y León.	León.	Torre del Bierzo.
Castilla y León.	León.	Valdepiélagos.
Castilla y León.	León.	Valderrueda.
Castilla y León.	León.	Valdesamario.
Castilla y León.	León.	Vega de Espinareda.
Castilla y León.	León.	Vegacervera.
Castilla y León.	León.	Villablino.
Castilla y León.	León.	Villagatón (Brañuelas).
Castilla y León.	Palencia.	Barruelo de Santullán.
Castilla y León.	Palencia.	Castrejón de la Peña.
Castilla y León.	Palencia.	Cervera de Pisuerga.
Castilla y León.	Palencia.	Guardo.
Castilla y León.	Palencia.	Pernía, La.
Castilla y León.	Palencia.	Santibáñez de la Peña.
Castilla y León.	Palencia.	Velilla del Río Carrión.
Cataluña.	Barcelona.	Berga.
Cataluña.	Barcelona.	Saldes.
Cataluña.	Barcelona.	Vallcebre.
Cataluña.	Lleida.	Gosol.
Galicia.	A Coruña.	Cerceda.
Galicia.	A Coruña.	As Pontes de García Rodríguez.

Municipios mineiros afectados pola reestruturación da minaría do carbón que resultan limítrofes dos incluídos na relación anterior

Comunidade autónoma	Provincia	Municipio
Andalucía.	Córdoba.	Alcaracejos.
Andalucía.	Córdoba.	Blázquez, Los.
Andalucía.	Córdoba.	Granjuela, La
Andalucía.	Córdoba.	Hinojosa del Duque.
Andalucía.	Córdoba.	Hornachuelos.
Andalucía.	Córdoba.	Obejo.
Andalucía.	Córdoba.	Pozoblanco.
Andalucía.	Córdoba.	Villaharta.
Andalucía.	Córdoba.	Villanueva del Duque.
Andalucía.	Córdoba.	Villanueva del Rey.
Andalucía.	Córdoba.	Villaviciosa de Córdoba.
Aragón.	Huesca.	Fraga.
Aragón.	Huesca.	Torrente del Cinca.
Aragón.	Teruel.	Aguaviva.
Aragón.	Teruel.	Alacón.
Aragón.	Teruel.	Albalate del Arzobispo.
Aragón.	Teruel.	Alcaine.
Aragón.	Teruel.	Alcañiz.
Aragón.	Teruel.	Aliaga.
Aragón.	Teruel.	Berge.
Aragón.	Teruel.	Bordón.
Aragón.	Teruel.	Castel de Cabra.
Aragón.	Teruel.	Castelseras.
Aragón.	Teruel.	Crivillen.
Aragón.	Teruel.	Cuevas de Almudén.
Aragón.	Teruel.	Ejulve.
Aragón.	Teruel.	Ginebrosa, La.
Aragón.	Teruel.	Híjar.

Comunidade autónoma	Provincia	Municipio
Aragón.	Teruel.	Martín del Río.
Aragón.	Teruel.	Mas de las Matas.
Aragón.	Teruel.	Mata de los Olmos, La.
Aragón.	Teruel.	Mezquita de Jarque.
Aragón.	Teruel.	Molinos.
Aragón.	Teruel.	Montalbán.
Aragón.	Teruel.	Muniesa.
Aragón.	Teruel.	Obón.
Aragón.	Teruel.	Oliete.
Aragón.	Teruel.	Olmos, Los.
Aragón.	Teruel.	Pancrudo.
Aragón.	Teruel.	Parras de Castellote, Las.
Aragón.	Teruel.	Rillo.
Aragón.	Teruel.	Seno.
Aragón.	Teruel.	Torre de las Arcas.
Aragón.	Teruel.	Torrevelilla.
Aragón.	Teruel.	Villarluengo.
Aragón.	Teruel.	Zoma, La.
Aragón.	Zaragoza.	Caspe.
Aragón.	Zaragoza.	Fabara.
Aragón.	Zaragoza.	Fayón.
Aragón.	Zaragoza.	Lecera.
Aragón.	Zaragoza.	Nonaspe.
Aragón.	Asturias.	Allande.
Aragón.	Asturias.	Belmonte de Miranda.
Aragón.	Asturias.	Cabranes.
Aragón.	Asturias.	Colunga.
Aragón.	Asturias.	Grado.
Aragón.	Asturias.	Nava.
Aragón.	Asturias.	Noreña.
Aragón.	Asturias.	Parres.
Aragón.	Asturias.	Ponga.
Aragón.	Asturias.	Proaza.
Aragón.	Asturias.	Salas.
Aragón.	Asturias.	Santo Adriano.
Aragón.	Asturias.	Sariego.
Aragón.	Asturias.	Somiedo
Aragón.	Asturias.	Valdés.
Aragón.	Asturias.	Villaviciosa.
Aragón.	Asturias.	Villayón.
Aragón.	Asturias.	Yernes y Tameza.
Castilla y León.	León.	Arganza.
Castilla y León.	León.	Barrios de Luna.
Castilla y León.	León.	Boca de Huérgano.
Castilla y León.	León.	Boñar.
Castilla y León.	León.	Brazuelo.
Castilla y León.	León.	Cacabelos.
Castilla y León.	León.	Candín.
Castilla y León.	León.	Cármenes.
Castilla y León.	León.	Carrocera.
Castilla y León.	León.	Castropodame.
Castilla y León.	León.	Cebanico.
Castilla y León.	León.	Congosto.
Castilla y León.	León.	Crémenes.
Castilla y León.	León.	Cuadros.
Castilla y León.	León.	Cubillas de Rueda.
Castilla y León.	León.	Cubillos del Sil.
Castilla y León.	León.	Ercina, La.
Castilla y León.	León.	Garrafe de Torio.
Castilla y León.	León.	Gradefes.
Castilla y León.	León.	Magaz de Cepeda.
Castilla y León.	León.	Murias de Paredes.
Castilla y León.	León.	Omañas, Las.
Castilla y León.	León.	Peranzanes.
Castilla y León.	León.	Prado de la Guzpeña.
Castilla y León.	León.	Prioro.
Castilla y León.	León.	Quintana del Castillo.
Castilla y León.	León.	Riello.
Castilla y León.	León.	Santa Colomba de Curueño.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

Comunidade autónoma	Provincia	Municipio
Castilla y León.	León.	Santa Colomba de Somoza.
Castilla y León.	León.	Sena de Luna.
Castilla y León.	León.	Soto y Amio.
Castilla y León.	León.	Valdelugueros.
Castilla y León.	León.	Vecilla, La.
Castilla y León.	León.	Vegaquemada.
Castilla y León.	León.	Villafranca del Bierzo.
Castilla y León.	León.	Villamanín.
Castilla y León.	Palencia.	Aguilar de Campoo.
Castilla y León.	Palencia.	Brañosera.
Castilla y León.	Palencia.	Congosto de Valdavia.
Castilla y León.	Palencia.	Dehesa de Montejo.
Castilla y León.	Palencia.	Mantinos.
Castilla y León.	Palencia.	Muda.
Castilla y León.	Palencia.	Olmos de Ojeda.
Castilla y León.	Palencia.	Payo de Ojeda
Castilla y León.	Palencia.	Polentinos.
Castilla y León.	Palencia.	Respanda de la Peña.
Castilla y León.	Palencia.	Salinas de Pisuerga.
Castilla y León.	Palencia.	San Cebrián de Muda.
Castilla y León.	Palencia.	Triollo.
Castilla y León.	Palencia.	Villalba de Guardo.
Cataluña.	Barcelona.	Avia.
Cataluña.	Barcelona.	Baga.
Cataluña.	Barcelona.	Capolat.
Cataluña.	Barcelona.	Castellar del Riu.
Cataluña.	Barcelona.	Cercs.
Cataluña.	Barcelona.	Figols.
Cataluña.	Barcelona.	Gisclareny.
Cataluña.	Barcelona.	Guardiola de Berguedá.
Cataluña.	Barcelona.	Olvan.
Galicia.	A Coruña.	A Capela.
Galicia.	A Coruña.	As Somozas.
Galicia.	A Coruña.	Carballo
Galicia.	A Coruña.	Carral.
Galicia.	A Coruña.	Culleredo.
Galicia.	A Coruña.	A Laracha.
Galicia.	A Coruña.	Mañón.
Galicia.	A Coruña.	Monfero.
Galicia.	A Coruña.	Ordes.
Galicia.	A Coruña.	Ortigueira.
Galicia.	A Coruña.	San Sadurniño.
Galicia.	A Coruña.	Tordoia.
Galicia.	Lugo.	Muras.
Galicia.	Lugo.	Xermade.

16478 REAL DECRETO 1110/2007, do 24 de agosto, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico. («BOE» 224, do 18-9-2007.)

A aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, exige, de modo necesario, a implantación dun sistema de medidas homoxéneo e efectivo dos tránsitos de enerxía entre as diversas actividades eléctricas.

Así, a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, establece os dereitos e obrigas básicos para os diferentes suxeitos en relación coa medición da subministración, así como no control da calidade da subministración eléctrica.

Este real decreto apóiase, principalmente, na previsión contida na alínea c) do artigo 26.2, a alínea f) do artigo 41.1, e 48.1 da Lei do sector eléctrico, tras a modificación operada pola Lei 17/2007, do 4 de xullo, en canto establecen obrigas a cargo dos suxeitos do sistema relacionadas coa medición da subministración.

O sistema de medidas previsto neste regulamento constitúe un elemento básico necesario para o funcionamento dun mercado aberto e para efectuar a liquidación da enerxía, dado que é necesaria a existencia dun sistema que permita a medición dos consumos e dos tránsitos de enerxía entre os diferentes suxeitos e actividades eléctricas.

Este sistema permitirá, ademais, que a estrutura de prezos da enerxía teña como referencia os custos reais de subministración, facendo posible que a demanda de electricidade poida desempeñar un papel moito máis activo no funcionamento do mercado eléctrico.

O Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, permitiu establecer un réxime homoxéneo de medidas, coa finalidade de garantir que a libre competencia se desenvolvese en igualdade de condicións para todos os axentes do sistema eléctrico nacional. Neste real decreto establecíanse as características do sistema de medidas, dos equipamentos dos sistemas e protocolos de comunicacións, e ademais procedementos necesarios para o correcto funcionamento do proceso de medidas.

O avance no proceso de liberalización do mercado fixo necesario modificar o Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, para permitir o exercicio da liberdade de elección dos novos consumidores cualificados, facendo posible a integración nun só equipamento e un único proceso dos datos necesarios para a liquidación da enerxía e das tarifas de acceso. Esta modificación realizouse mediante o Real decreto 385/2002, do 26 de abril, mantendo no fundamental o seu articulado, e facendo nel soamente as reformas imprescindibles para conseguir a evolución do sistema de medidas.

A liberalización total da subministración desde o 1 de xaneiro de 2003 propiciou que no Real decreto 1433/2002, do 27 de decembro, polo que se establecen os requisitos de medida en baixa tensión de consumidores e centrais de produción en réxime especial, se recollen os requisitos exixibles ás instalacións e equipamentos de medida situados en fronteiras cuxa medida se realizase directamente en baixa tensión, así como a definición de dereitos e obrigas dos diversos axentes implicados.

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 25 de febreiro de 2005, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos

XEFATURA DO ESTADO

16476 CORRECCIÓN de erros da Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas. («BOE» 224, do 18-9-2007.)

Advertido erro na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 17, do 2 de xullo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2242, disposición derradeira primeira. Modificacións da Lei de propiedade intelectual, onde di: «Catro. Engádesse unha disposición transitoria décimo novena coa seguinte redacción:», debe dicir: «Catro. Engádesse unha disposición transitoria vixésima coa seguinte redacción».